


anarquista, sexual e necrófilo



Samuel L. París
anarquista, sexual e necrófilo
<http://pararaparis.wordpress.com>

anarquista, sexual e necrófilo

*bicar como un monstro
voar como un óso
traballar como un apóstolo
arrecender como unha flor*

[APLAUSO]

[INTERVENCIÓN DO XURADO]

que quixo transmitir con este poema?

[INTERVENCIÓN DO AUTOR]

transmíqué?

[RESPOSTA DO XURADO AO UNÍSONO]

nada ho nada

camiñamos contra o
antiespírito de superación
realmente non son somos tan crípticos

AS MIÑAS ÁS SON CINCO

AS MIÑAS ÁS VIÑAN CORTADAS

AS MIÑAS ÁS ESTÁN PECHADAS

as marcas brancas que nos hipnotizan
a cultura branca estadounidense pseudoimposta a centos de raparigas crianza que non é
unha sorpresa estamos agardando polos vosos ollos palm mute fillos e vida palm mute
contra o estado de conformismo desenvolver técnicas de guerrilla rural las vaquitas y las
mugimos entre los dos el amor de los tetos
estamos cegos

interludio / o autor coñece escritores en pub de moda

—gustoume moito o teu último poemario de onde sacas esas ideas quero dicir fumas moito ou bebes a quen lle colles esas ideas gustoume moito bueno algúns máis ca outros xa sabes paseillo a un colega a que lle mola moito todo iso móllalle tamén moito panero e o primeiro reixa si bueno móllalle tamén o rollo vangardas non sabes non sei estás só estás con colegas os meus colegas están por aí imos ir ao reixa agora bu no reixa moita festa si a xente non baila pero o bar mola si rocanrol pero bueno ao final xa sabes que se te pos de palique na porta despois ei a onde vas vas ao baño esperote aqui lo
—como dixeches?!

benvido!
benvida!
estas sonche as delicias do capitalismo
estas sonche as glorias da progresía
que matou a contracultura baixo o peito infecto da pirotecnia
que matou a vida afogando no levedo do consumo a intelixencia iconoclasta

[APLAUSO BREVE]
[ATAQUE DE TOS AO FONDO]
[COMENTARIO BREVE DO XURADO]

e que?

[O AUTOR RESPONDE ESQUECENDO QUE TODO O MUNDO ODI A O ROCK
ESTATAL MIERDER TIPO BOIKOT EXTREMODOURO BARRICADA E TODAS ESAS
PUTAS BASURAS SUBE LA PERSIANA CUANDO VUELVA QUIERO VER ESTO
INMACULADO]

ummm
buenastardesllemamosdejazztel

[XURADO NON ENTENDE COMERCIAL TELEFONÍA MÓBIL TRAS O AUTOR]

luchemos por
la permanencia

[AUTOR DESAPARECE BAIXO UN MANTO DE CONFORMISMO]

primeiro poema / serie a mí que me lo expliquen

non só os poetas / cariño / van ao inferno
tamén van aquelas rapazas que confiaron en nós
tamén aquelas poetas da alma que agardan
na porta do bar
aquelas bromas do ser
que desaproveitaron
o tempo
a carne
as miradas
e co eternamente humano da merda na man esquerda
e co docemente tenro da inxustiza monárquica
estou decidido a destruír a literatura
porque somos quen vai liberar o mundo desta evidencia
e
se existe a xustiza animal que nos era propia
esa xustiza confiará no noso desastre

interludio / a canción torpe de don draper

don
chameite á casa
dixéronme que non estabas alí
que só había un tipo chamado dick

e don-don-don-donde estás?
e don-don-don-donde estás?
e don-don-don-donde estás?

e bebes máis whisky que cristo
ensendes os sijarros cun misto
non sei se é aljo que fajo
pero ajora nesesito un trajo

e don-don-don-donde estás?
e don-don-don-donde estás?
e don-don-don-donde estás?

aquí detrás!

segundo poema / serie a mí que me lo expliquen

non é a túa alma o que na túa alma cuspo
senón o rumor da merda que fuches:
amargar
con todo a rabia da túa existencia
o que nunca quixeches saber

interludio / echamos un pro y nos vamos

—equipos ou seleccións?

—equipos

—vale pillo o inter

—eu pillo o city

—tío tiven movida con andrea

—e lo?

—boh nada que lle dixen espera cámbiame o mando que si que a este non lle vai ben o joystick e a min non se me axeita si pois nada o tema é que lle dijo o outro día que joder a ver ela desde o que deixamos está aí piquipiqui con marcos xa o sabes que andan así como medio buscándose os dous e a min joder bueno a min non é que me joda que ela pode faser o que quira que eu aí nin corto nin pejo pero joder que esto é moi pequeno e aquí todo se sabe bueno que che vou contar xa sabes e bueno medio lle dixen así mentres falabamos que se cortase cando estivese con el porque despois claro despois a xente fala e tampouco quero que despois a xente si eu xa estou dálle e comemos e tampouco quero que despois me ande a xente a disir que si esto que si o outro que total a min xa me dirás que fajan o que quiran pero vamos que tamén se dá mal sabes que anden un aí coa outra a baterlle nas cachas diante do bar que joder que esto é moi pequeno e está moi ben iluminado e joder xa está agüero no city lojo debeches actualisalo ti non bueno o conto que a min dáme ijual o que faja eu ajora son felís sabes

—como dixeches?!

terceiro poema (segundo_poema_cover.txt) / serie a mí que me lo expliquen

non é a túa cacha o que na túa cacha cuspo
senón a saliva infecta do aburrimiento:

las manos hasia arriba

las manos hasia abaixo
ahí viene el postmodernista
con sus poemas
/ está caliente /
/ está que arde /

primeiro poema / serie prepotente penitente

podíasme protexer da tormenta
podíasme negar intransitiva
e co cemiterio ás nosas costas
 escollemos a derrota

 que é o inframundo / pregúntasme
 non teño cambio / contesto

non temos fe

segundo poema / serie prepotente penitente

gustaríame saber
onde vai a luz que escapa do cemiterio
gustaríame saber
as espiñas do peixe no oco do teu ventre
e aínda que descoñezas / inútil / os verbos da desvontade
o son do vento
o son da catástrofe
o son do estraño e íntimo do cemiterio ás nosas costas

terceiro poema / serie prepotente penitente

cantámonos marabillas percedoiras

a luz medrou demasiado forte esta noite de tormenta
e os vermes camiñan en cruz
afastándose do zulo amargo / triunfo / cara a unha primavera
sen luz

se eu fose ti
desconfiaría das marabillas que son cantadas

interludio / la situación la pinta en calvario

—cundíriame vivir así case sen soñar quero disir case sen lembrar qué soño polas noites e levantarme así xa pola mañá e disir bah teño todo por esquecer aínda porque disque que cando soñas é que esqueses xa por iso non comprendo iso iso de que ao soñar esquesas porque se despois lembrás quero disir a ver que me fajo un lío quero disir que se lembro o que soñei debe ser como se anulan lo uno a lo otro e despois se juro que non esqueses as mierdas que foses esquecer non dijo ti dijo eu bueno dijo todos non porque o de soñar é universal como quen di e bueno ao mellor soño e esquezo e despois como non lembro a ver non sei se me estou explicando si deixa iso boh vai vir teu pai e eu aquí filosofando cos jayumbos nos tobillos menudo cuadro de dolor bueno de dolor para el que eu en pelotas estou de puta madre si si bah pensei que xa mo viras si é un lunar de cando era pequeno de antes de coñeserte si xa sei ten forma de rato de roedorrrr mimá creo que entrou aljén no piso si cala cala mimá vai ser teu pai e agora que fasemos mimá ah non era ninjén hahahaha mimá mira que son un paranoias de la vida e hahaha mimá se mañá soño con isto lembrareite porq
—esperta!

primeiro poema / serie eros no me pongas muchos peros

a revolución é anarquista
sexual
e necrófila

primeiro poema / serie a auga non ten corazón

a auga non ten corazón

se non

estaría viva

e a auga non está viva nin bota case ningunha cousa de menos

segundo poema / serie a auga non ten corazón

a auga non ten corazón
polo que a auga non toma sintrom

terceiro poema / serie a auga non ten corazón

a auga non ten corazón
porque non ten veas
nin ventrículos
e non entende o que é a auga

cuarto poema / serie a auga non ten corazón

a auga non ten corazón
por iso engule tantos negros e negras e negritos

quinto poema / serie a auga non ten corazón

a auga non ten corazón
polo que nunca terá que aguantar o imbécil que vai nas manis co altofalante

[APLAUSO NON DECIDE]

[RÁPIDO HAI QUE CAMBIAR DE SERIE]

[E AJORA QUE FASEMOS AI DIOS MÍO QUE ME PASE ISTO NO MEU PRIMEIRO
DÍA A CULPA XA É MIÑA POR VIR TRABALLAR EN FESTIVO]

segundo poema / serie eros no me pongas muchos peros

sólo vine a comprar Pan
y me enseñaron a tocar la flauta¹

¹ O grupo musical Siniestro Total, formado no agosto 1981 en Vigo, ten un tema, coñecido por todas vós, que é “Ayatollah!”. Un dos versos desta serenata punk di aquilo de “sólo vine a comprar pan y me enseñasteis el Corán”. Aí é cando salta la chispa, la magia, la catástrofe e o autor escabalja polas colinas malignas da creación e se marca un cover / COBA / do asunto tirando do do semideus Pan que tocaba la flauta menos mal menos mal menos mal que no tocaba la gaita que sino ya estaban los del bloque como con lo del apapaldor. Nunca descartes o obvio porque nel reside toda a verdade.

terceiro poema / serie eros no me pongas muchos peros

eros
que te quiero

pues yo
te eros ki

primeiro poema / serie vinvos caer redondos

hai cousas peores que vervos caer redondos
mentres as putas escriben cartas a ninguén
e as luces das gasolínas fan crack
e as formigas non poden levantar a vista da súa decadencia
e os cans cantan polas suicidas e as putas
e fodemos cos veciños enriba das alfombras
e os policías desinfectan as neuronas de xeito automático
e amence nun tren
e os cabalos morren sen eguas que se liberasen deles
e o microclima das peles dos amantes incertos se esgota no borde do tellado
e te estremeces e non tes nin idea de qué dicir

interludio / supones que te tienes que explicar

—e o tipo non vai escoita un momento fai favor porque vas flipar o tipo non vai e me espera na porta do bar cunha bolsa de laranxas si de laranxas flipa pois colle e comesa a lansarme laranxas e a disir si a disir que si a revolución é anarquista sexual e necrófila e non sei que hostias e en serio e pilla o tipo e comesa a falar consijo mismo hahaha mimá e todos flipabamos porque mentres me disía que se anarquista que se non sei que hostias o tipo fasía un alto e disía seundo poema serie non sei que e mimá un descojone e seña alí así toleando e lansándome laranxas e claro a ver dano non fasía moito pero joder moléstache verte nunha jarana así porque eu estaba alí ao meu alí dentro do bar a punto de comesar o resital e estaban alí os académicos que viñeron ver o resital esperando que entre mentres o tipo este non para co das laranxas e eu xa non sabía que faser e entrei para comesar o resital porque aunque sea en un bar un recital es un recital y yo soy el intérprete de las musas y OTRA COSA NO PERO LA POESÍA ES UNA COSA MUY SERIA

—como dixeché?!